EU ❤ A BIBLIO DE ESTRELA

# boletín de novidades
## Xaneiro 2014

## lector@s noviñ@s

### colección LO QUE A GUS LE GUSTARÍA

**Lo que gustaría ser de mayor**

**Las épocas en las que me gustaría haber vivido**

A Gus gústalle imaxinar cousas. Posibles e imposibles. A ti tamén?




**atópao en...**

67 (oficios diversos)



**atópao en...**

94 (historia)






### Ladrón de gallinas. La revancha del gallo. Un día de pesca

Secuestros, aventuras, viaxes, amor, amizade… E todo narrado sen palabras!

**atópao en...**

82-I (narración con imaxes)



### colección A IGUALDADE CONTA

**Canto te quero, profe. Teño dúas casas.**

**Iriña bailarina**

Nico está preocupado polo seu primeiro día de clase. Iriña é unha bailarina que non quere estar sempre pechada na súa caixa. Ada ten dúas casas: a de mamá e a de papá.




### Un bicho raro

Un paxaro recén nacido busca a súa identidade. Observando, descubre que cada quen é diferente e non por eso somos bichos raros.




**atópaos en...**

82-N (narrativa)



historias da vida




### colección MAURO

**Mauro necesita un abrazo.**

**Tranquilo, Mauro**

Mauro é un osiño xoguetón e tarambaina que vai descobrindo as súas emocións e sentimentos.

**atópaos en...**

82-N (narrativa)



**historias da vida**

## Os Bolechas fan unha banda

Neste álbum, ademáis dunha nova aventura da familia Bolechas, está incluído un CD cheo de música marchosa interpretada por artistas galeg@s.




## Raro

O protagonista desta historia non sae nunca á rúa. Fóra da seguridade do fogar todo lle resulta perigoso. Só algunhas veces se atreve a obser-var dende a fiestra a vida do seu barrio




## Cuando el Yayo era peque

Cando o avó era pequeño, todo era moi diferente. Pepe escóitao con interese, pero vai entendendo as cousas á súa ma-neira...




## ¿Qué viene después del mil?

### Un cuento ilustrado sobre la muerte

Un fermoso conto sobre a amizade e a perda dun ser querido.







## Los pájaros

Algún días son diferentes. Días que poderían ser semellantes aos demais. Porén, posúen algo... que os outros non teñen.




## El libro negro de los colores

Tomás non pode ver as cores. Estas son para el milleiros de sabo-res, olores, sons e emocións. Dende a escuridade dos seus ollos, Tomás convídanos a descubrir as cores sen velas




**atópao en...**

1 (filosofía.psicoloxía. ética)



## El libro valiente

O medo forma parte da nosa vida. Ás veces, ata pode ser fermoso. Pero é bo saber como evitar que se faga demasiado poderoso.

**atópao en...**

82-N (narrativa)



**contos favoritos**




## 37 tortugas

37 tartarugas camiñando. Non teñen presa, pero van que te van.



# lector@s medianiños




atópaos en...

1 (filosofía.psicoloxía. ética)



## Emociones y sentimientos. Emocionario

Con estas guías identificarás e comprenderás mellor as emocións e sentimentos.




atópao en...

3 (ciencias sociais)



## ¡En familia!

**Sobre el hijo de la nueva amiga del hermano de la ex mujer del padre**

Cada quen ten unha familia e como ela non hai outra no mundo.




## Inventario dos mares

Un inventario fermosamente ilustrado para coñecer unha pequena parte da biodiversidade mariña

59 (zooloxía)



atópao en...




## Colección COCIÑA INFANTIL E FAMILIAR

**Peixes. Arroces. Carnes. Chocolates**

Novos catro volumes dunha das nosas coleccións favoritas. Para cociñar coa familia e traer a probiña á biblioteca.

atópaos en...

641 (alimentación. cociña)






## Colección ...para niños

**Picasso. Gaudí. Dalí. Velázquez. Goya**

Coñece a grandes mestres da arte. Cada volume contén xogps para descubrir a obra de cada artista.

atópaos en...

72 (arquitectura)



75 (pintura)



## ¿Qué será de ti?

Velaí vai un explosivo compendio das profesións e ocupacións máis curiosas e divertidas do mundo.




atópao en...

67 (oficios diversos)






**atópao en...**

79 (xogos, deportes, espectáculos)



## Yoga para niñas y niños

Con un dvd e un cd para facilitar a aprendizaxe desta antiga disciplina de orixe hindú.




## colección ISTO É...

Reedición das guías de viaxe de M. Sasek. Despois de visitar Roma, Londres e Nova Iork, agora nos toca viaxar a París

94 (historia)



**atópao en...**




**atópao en...**

92 (biografías)



## colección OS AMIGOS DE HERCULES

### Hércules pasea con Gloria Fuertes

Coñece a vida e a obra da xenial escritora da man do seu amigo Hércules




## Coidado, extraterrestres

Eses seres verdes deciden saír cos seus trebellos do espazo para viren á Terra e ivadírennos!

**atópao en...**

82-N (narrativa)



historias fantásticas




## colección AS AVENTURAS DO APALPADOR

### O Apalpador e o tesouro dos mouros

### O Apalpador vs Papá Noél

Nas misteriosas fragas do Courel habita un xigante coñecido polo nome de O Apalpador.

Vive con el e os seus amigos fantásticas aventuras.

**atópaos en...**

82-N (narrativa)



historias fantásticas



# grandes lector@s




## Dinosauros

**150 animais prehistóricos de pequenos a grandes**

Este libro amósanos a grande variedade de tamaños que adquiriron os dinosauros: algúns non eran máis grandes cunha pomba, pola contra outros medían máis que cinco autobuses postos un detrás de outro.

atópao en...

56 (paleontoloxía)



atópaos en...

58 (botánica)






## Árboles de leyenda

O Carballo Valentín, o Drago Milenario, a Sobreira La Terrona, o Teixo de Barondillo e a Oliveira Milenaria son cinco árbores de lenda.
Coñece as súa historia e os relatos fantásticos que se xeraron ao seu redor.

## O carballo

Carballo cóntanos como é a súa vida e as relacións cos demais seres vivos do seu ecosistema, con quen se leva mellor e quen o amola.
Tamén nos recorda o importante que foi e é para as persoas, e como estas son na actualidade o seu maior inimigo




## El Calavera

El Calavera é un barco pirata que segue a pista a un dos tesouros máis fabulosos do mundo.
Viaxa nel con Jess e o señor Smith ao longo dos sete mares.




atópaos en...

82-N (narrativa)



aventuras




## A expedición do pirata

Goza con este libro de Jack London, un dos mellores escritores do xénero de aventuras na natureza. Joe quere explorar mundo máis aló do seu fogar e a súa familia. A ansia de aventura e liberdade lévao xunto co seu amigo Frisco Kid a unha singradura a bordo do Dazzler.

atópaos en...

82-N (narrativa)



misterio




## El misterio de la fórmula robada

Sandra e Pedro van visitar á súa tía, a propietaria de galletas Matilda. Alguén robou a fórmula secreta da súa nova galleta e a policía non ten pistas.
Por sorte, os nenos son uns grandes admiradores de Sherlock Holmes




## Universo Pitágoras

Cres que as matemáticas son aburridas? Cres que non serven para nada?
Eso é que non liches Universo Pitágoras. Resolve os enigmas e completa esta aventura misteriosa.




## Cuentos Macabros

Non queríades contos de medo? Pois ousade ler esta obra de Poe....

## El fantasma de Canterville

Non sabemos se esta pantasma dá máis medo ou risa. Un clásico de Oscar Wilde

atópaos en...

82-N (narrativa)



medo

atópaos en...

82-N (narrativa)



historias da vida




## Nata y chocolate

Sonia é unha nena calada e solitaria. Os seus compañeiros métense con ela por ser albina. Pero chega unha nova mestra disposta a cambiar esta situación.

## O recendo das clementinas

Hai anos que unha sospeita atenaza a Abril. Un cambio de barrio semella que lle dará a tranquilidade que precisa. Pero o achado fortuito dunha vella foto fai remanecer o desacougo e empúxaa a tentar clarificar dunha vez as razóns que o orixinan




## coleccións ARDENTÍA E ADARGA

**Rosalía de Castro. Miña terra, meu lar.**
**Eduardo Pondal. A vontade Homérica.**
**Celso Emilio Ferreiro. Dun tempo e dunha terra.**
**Pablo Neruda. La piel extensa.**

Escolma dos clásicos da poesía galega e universal

82-P (poesía)

atópaos en...






## O Pazo Máximo

### A túa primeira escola de maxia

Se ti tamén soñas con ser mag@, con este libro poderás facelo realidade e vivir unha aventura alucinante nun pazo máxico oculto nun bosque secreto.

atópaos en...

79 (xogos, deportes, espectáculos)






## Top Secret

Queres convertirte nun/ha bo/a detective? Con Top Secret poderás acadalo! . As súas técnicas de investigación, memorización e observación farán de ti un/unha expert@. Aprende a camuflarte, enviar mensaxes ocultas, descifrar códigos, rastrear pistas, identificar sospeitosos e finalmente, resolve un roubo só ao alcance d@s mellores investigador@s!